

ARTIGO 4.—COTAS

As cotas que correspondan abonar en concepto das taxas reguladas nesta ordenanza determinaranse con arranxo ó cadro que segue:

TARIFA 1ª	EUROS
Autorización vendedor	87,97
Estacionamento veh. Ambulante vendas	3,63
TARIFA 2ª	
Ambulantes metro lineal ou fracción por día	0,99
Ambulante metro lineal ou fracción por día mercadillo extraordinario	1,99
TARIFA 3ª	
Transmisión de autorización	87,97

A superficie computable será a que ocupe o posto ou instalación máis a que determine unha franxa de 1 metro lineal paralela á liña exterior do mostrador ou fronte.

ARTIGO 5.—DEVENGO E INGRESO

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza Fiscal devengarase no momento en que se inicie o aproveitamento especial.
2. Os solicitantes da licenza ingresarán no momento de formular aquela, as taxas que correspondan, polo procedemento de autoliquidación en impreso que facilitará o Concello.
3. A cota a ingresar determinarase segundo o disposto no artigo 4 desta ordenanza.

ARTIGO 6.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, estarase ó disposto na Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2014, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA Nº 21 DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA
OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SOLO, VOO E SUBSOLO DA VÍA PÚBLICA**

ARTIGO 1. DISPOSICIÓN XERAL

Ao amparo do disposto nos artigos 20 a 27 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, establécese a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo constituído nas vías públicas municipais.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa o uso común especial normal e máis o uso privativo do solo, voo e subsolo da vía pública. Os usos e aproveitamentos da vía pública sobre os que recaen as taxas reguladas por esta ordenanza son os que a continuación se expresan.

1. Instalacións de quioscos na vía pública.
2. Ocupación do voo de toda clase de vías públicas municipais con elementos constructivos pechados, terrazas, miradoiros, balcóns, marquesiñas, toldos, paramentos e outras instalacións semellantes voos sobre a vía pública ou que sobresaian da liña da fachada.

3.1- Constitúe o feito imponible desta taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal con entrada de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e terreos de uso público, reservas de vía pública para aparcamento exclusivo ou para carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

3.2- Nos supostos de entrada de vehículos ou carruaxes, o feito imponible realízase aínda nos casos en que non sexa precisa a reserva de vía pública por estar o acceso situado en zona de aparcamento prohibido.

3.3- Poderá solicitarse do Concello o vado permanente para colocar nas entradas dos garaxes. A concesión corresponde á Alcaldía ou á Xunta de Goberno Local, no seu caso, fixando o número da licenza municipal que lle corresponda.

3.4- Naqueles casos en que a tarifa se multiplique polo número de prazas, tomarase como número de prazas o que sexa maior dos seguintes:

- a) O número de prazas en que se encontre efectivamente dividido o local.
- b) O resultado de dividir entre 20 a superficie total, en metros cadrados, do mesmo, incluíndo rampas, zonas comúns, etc . No caso de ser descuberto, dividirase entre 30.

3.5- A esixencia da tarifa por entrada de vehículos ou carruaxes presupón a non esixencia da tarifa por reserva especial para aparcamento exclusivamente pola lonxitude imprescindible para o acceso á entrada de vehículos. Por conseguinte, esixirase a tarifa por reserva especial para aparcamento pola lonxitude que exceda deste mínimo.

4. Ocupación da vía pública con sacas de area e doutros materiais de construción.

5. Utilización de rótulos, carteis e outras instalacións municipais análogas para a exhibición de anuncios.

6. Apertura de gabias, calicatas e zanzas e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.

7. Ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

8. Ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal.

9. Ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallo, valados, puntais, asnillas, andamos e outras instalacións análogas.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, ás que se outorgara a licenza, autorización ou concesión municipal ou quen, no seu caso, se beneficie do aproveitamento si se procedeu sen a oportuna autorización.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. EXENCIONS, REDUCCIONS E BONIFICACIONES

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de Tratados internacionais.

ARTIGO 6. COTAS TRIBUTARIAS

As tarifas pola utilización privativa e os aproveitamentos especiais do dominio público regulados nesta ordenanza serán as que figuran no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 7. DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO

1. Esta taxa devengarase cando, solicitada a preceptiva licencia ou autorización, o aproveitamento especial ou o uso privativo sexa autorizado.

2. Asimesmo, devengarase a correspondente taxa cando se produza o efectivo aproveitamento especial ou uso privativo sen a previa e preceptiva autorización municipal. Todo isto sen prexuízo da esixencia de previsibles responsabilidades no ámbito sancionador derivadas da infracción pola comisión omisiva.

3. Establécese o devengo periódico das taxas daqueles aproveitamentos especiais ou usos privativos do dominio público cuxo período mínimo de ocupación ou uso fose dun ano e se concedera a preceptiva autorización. O dito devengo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, caso no que o período impositivo se axustará a esta circunstancia.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN E RECADACIÓN

1. Os suxeitos pasivos efectuarán o ingreso desta taxa mediante liquidación.

2. A solicitude de licencia ou autorización, non se tramitará ata que se efectue o ingreso correspondente na Tesourería municipal ou entidades financeiras autorizadas. Este ingreso do depósito previo non autoriza a iniciar o aproveitamento ata tanto se obteña a preceptiva licencia.

3. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se produza, procederá a devolución do importe correspondente, previo informe da inspección de taxas.

4. No caso do devengo periódico das taxas por aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do dominio público con duración non inferior a un ano e existindo a preceptiva licencia ou autorización, o pago efectuarase por anos naturais mediante o Padrón ou matrícula correspondente, de conformidade co exposto no parágrafo seguinte. Neste caso, o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou o aproveitamento especial, en cuxo caso, o período impositivo axustarase a ese circunstancia co seguinte prorrateo da cota:

- a) Cando o inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial non coincida co ano natural, a cota calcularase proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o de inicio da ocupación ou uso do dominio público.
- b) No caso de baixa por cese no aproveitamento ou uso do dominio público, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, incluído aquel no que se produza o dito cese. Os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais que resten dende o seguinte ao cese ata a finalización do ano natural.

5. Nas taxas nas que o aproveitamento ou uso especial do dominio público o sexa por período de ocupación inferior ao ano, o período impositivo será o determinado na respectiva licencia de ocupación.

Artigo 9 As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, previamente á solicitude da licencia ou autorización que corresponda, deberán realizar o depósito previo mediante a oportuna liquidación regulada no artigo anterior, e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento, a duración do mesmo, os elementos que se van instalar, e un plano detallado da superficie que se pretende ocupar. Achegarase á solicitude de licencia ou autorización o xustificante do depósito previo liquidado.

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En todo o relativo a cualificación de infracción s tributarias, así como das sanción s que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final A presente ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Cangas, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 01/01/2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL: Categoriás das rúas:

Categoría 1ª: Rúas do casco urbano do municipio e zonas de praias.

Categoría 2ª. O resto das rúas do municipio.

ANEXO TAXAS POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL

1.—INSTALACIÓN KIOSCOS NA VÍA PÚBLICA

	a) rúas de 1ª categoría ou se se r utilizan vehículos a motor	b) rúas de 2ª categoría
<i>Tarifa 1.—Quioscos (m2 ou fracción por día ou fracción)</i>		
1.—fixos	0,20	0,16
2.—Temporada	0,73	0,59
<i>Tarifa 2.—Postos na rúa con (m2 ou fracción por día ou fracción)</i>		
1- Churros, chulas, barquiños, etc	0,25	0,20
2- Xelados, refrescos, cervezas, etc	0,28	0,22
3- Libros, periódicos, revistas	0,14	0,11
4- Espectáculos e atracción s	0,24	0,19
5- Demáis artigos de comercio	0,42	0,33
6- Reserva de espacio concertado	75% da tarifa	75% da tarifa

2.—OCUPAC. ELEM. CONST. PECHADOS, TOLDOS, MARQUESINAS

1.—Con elementos construción, pechados formando fachada do inmovible s/Importe de Proxecto	1,68%
	<i>EUROS</i>
2.—Con marquesiñas, balcón s, terrazas miradoiros e outros elementos:	
— Cando voen menos de 60 cm, por metro ou fracción e ano ou fracción	50,87
— Cando voen mais de 60 cm por metro ou fracción e ano ou fracción	83,55
3.—Con toldos, persianas, cortinas e outros elementos fixos (por metro ou fracción por ano ou fracción)	25,45
4.—Con tribunas transitorias, (por m2 ou fracción por día ou fracción)	12,11

3.—ENTRADA DE VEHICULOS DAS BEIRARRUAS E APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MARCATORIA DE CALQUERA CLASE:

ENTRADAS DE VEHICULOS OU CARRUAXES

<i>ANUAL</i>	<i>EUROS</i>
1. Talleres de automóviles e vehículos de motor, incluso de lavado e engraxe ao que se engadirá 3,62 € por cada praza:	
a) Locais de menos de 100 m2	37,88
b) Locais de 100 m2 a 150 m2	56,76
c) Locais de máis de 150 m2	75,64
2. Talleres reparación de motos	75,76
3. Garaxes particulares de vivendas unifamiliares, fincas e recintos particulares.	24,46
4. Garaxes de comunidades para uso exclusivos de vivendas, por cada praza de vehículo.	7,55
5. Garaxes públicos, por cada praza de turismos	7,55
Restantes vehículos, por cada praza	13,64
6. Garaxes de establecementos comerciais, industriais ou de servicios para uso exclusivo e gratuito do seu persoal e/ou clientes, por cada praza de vehículo	7,55
7. Entradas de establecementos comerciais, industriais ou de servicios non susceptibles de ser utilizados como garaxes	48,94
8.—Placas municipais: Os que queiran disfrutar dos aproveitamentos anteriores deberán aboar o sinal de vado permanente, de carga ou descarga ou de aparcamento exclusivo. No caso de declaración s de baixa establececese a obriga de entregar o disco nas dependencias municipais.	15,23

RESERVAS PERMANENTES ESPECIAIS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO OU PARA CARGA E DESCARGA DE MERCADORIAS

1. Paradas de liñas de viaxeiros, por cada metro lineal ou fracción e ano	15,18
2. Para outros usos ou destinos diferentes ao anterior, incluídos taxis e ambulancias, por cada metro lineal ou fracción e ano	4,83
3. Reservas de espazos na vía pública para aparcamento ou carga e descarga e outros usos diversos provocados por necesidades, por cada metro lineais ou fracción e ano	11,88

4.—OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON SACAS DE AREA E ÁRIDOS:

	<i>EUROS</i>
a) Pedra fina branca, de labra por m3	2,10
b) Pedra de granito para perpiaño por m3	1,06
c) Pedra de mampostería por m3	0,54
d) Pedras boas de granito cor amarela por m3	4,23
e) areas e canizos por m3	0,37
f) Pedras de utilización en bruto e machucamento por m3	0,14

5.—UTILIZACIÓN DE RÓTULOS, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS:

	<i>EUROS</i>
1.—Exhibición de rótulos	
a) Dentro do casco urbano, por m2 ou fracción e trimestre	2,07
b) No resto do término municipal, por m2 ou fracción e trimestre	1,38
c) En vehículos, por fracción e trimestre	1,38
2.—Por exhibición de carteis e megafonía:	
a) Sin que poida exceder de 0,66 €/día por m2 ou frac e día	0,15
b) Megafonía, €/día ou fracción	2,73

6.—APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E ZANXAS:

	<i>EUROS</i>
Por m2 de pavimento removido e día	0,70
(cuota mínima a liquidar 6,14 €)	
Fianzas:	
Para grandes obras (máis de 300 m2)	387,98
Vivendas ou construcións (menos de 300 m2)	193,99
Obras menores	77,58

7.—OCUPACIÓN DE TERREOS CON MESAS E CADEIRAS:

	<i>EUROS</i>
a) Rúas 1ª categ por m2 e día ocupados	0,24
b) Rúas 2ª categ, por m2 e día ocupados	0,20

8.—OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON MERCADORÍAS, ESCOMBROS, ANDAMIOS, ETC:

	<i>EUROS</i>
1.—Ocupación con mercancías, materiais construción, escombros, etc. Por m2 ou fracción e día	0,87
2.—Ocupación con valos, andamios, etc por m2 ou fracción e mes ou fracción	7,12
3.—Os elementos nº2 cando non apoien no chan, por m2 ou fracción e mes ou fracción	6,20
4.—Ocupación con puntais, asnillas e outros elementos por m2 e mes ou fracción	3,45

ORDENANZA FISCAL Nº 24 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local e, de conformidade cos artigos 15, 20.4 e 57, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa pola prestación de servizos municipais asociados a celebración de matrimonios civís”, que se rexerá pola presente Ordenanza.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe feito imponible a prestación dos servizos derivada do conxunto de actuacións realizadas co gallo da celebración de matrimonios civís, que conleva, a organización do acto polos servizos Municipais.

Se entenderá realizado o feito imponible da taxa e polo tanto se devengará o tributo pola tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil e a expedición do libro de familia.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

E suxeito pasivo do tributo en calidade de contribuínte o/a beneficiario/a do servizo entendéndose por tal o/a contraente que formule a solicitude do servizo.